**SESIÓN EXTRAORDINARIA DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA DIECISÉIS DE NOVIEMBRE DE 2017**

En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 16 de noviembre de 2017. Bajo la Presidencia del **Excmo. señor Alcalde-Presidente D. Xulio Xosé Ferreiro Baamonde** y con la asistencia de los ediles **Dª María Rocío Fraga Sáenz D. Xiao Varela Gómez, Dª Silvia Cameán Calvete, D. José Manuel Sande García, Dª María Eugenia Vieito Blanco, D. Alberto Lema Suárez, Dª Claudia Delso Carreira, D. Daniel Díaz Grandío, Dª María García Gómez, Dª Rosa María Gallego Neira, Dª Rosa María Lendoiro Otero, Dª Lucía Canabal Pérez, D. Miguel Lorenzo Torres, Dª María Begoña Freire Vázquez, D. Roberto Luis Coira Andrade, D. Martín Fernández Prado, D. Francisco José Mourelo Barreiro, Dª Mariel Padín Fernández, Dª María Luisa Cid Castro, Dª Silvia Longueira Castro,D. José Manuel Dapena varela, D. Fito Ferreiro Seoane, y Dª Avia Veira González,** se reunió, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión extraordinaria en primera convocatoria.

Da fe del acto el infrascrito **Secretario General del Pleno, don Ma-**

***SESIÓN EXTRAORDINARIA DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA DEZASEIS DE NOVEMBRO DE 2017***

*No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 16 de novembro de 2017. Baixo a presidencia do **Excmo. señor alcalde-presidente D. Xulio Xosé Ferreiro Baamonde** e coa asistencia dos edís, **Dª María Rocío Fraga Sáenz**. **D. Xiao Varela Gómez, Dª Silvia Cameán Calvete, D. José Manuel Sande García, Dª María Eugenia Vieito Blanco, D. Alberto Lema Suárez, Dª Claudia Delso Carreira, D. Daniel Díaz Grandío, Dª María García Gómez, Dª Rosa María Gallego Neira, Dª Rosa María Lendoiro Otero, Dª Lucía Canabal Pérez, D. Miguel Lorenzo Torres, Dª María Begoña Freire Vázquez, D. Roberto Luis Coira Andrade, D. Martín Fernández Prado, D. Francisco José Mourelo Barreiro, Dª Mariel Padín Fernández, Dª María Luisa Cid Castro, Dª Silvia Longueira Castro D. José Manuel Dapena Varela, D. Fito Ferreiro Seoane, e Dª Avia Veira González**, reuníuse, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de realizar sesión extraordinaria en primeira convocatoria.*

*Da fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel***

**nuel José Díaz Sánchez**, hallándose además presente el **Interventor General don Ángel David Murado Codesal.**

Justifican su ausencia don José Manuel García Pérez y Dª Pilar Neira Martinez

Siendo las once horas y dieciséis minutos, por la Presidencia se declara abierta la sesión pasándose a tratar el siguiente asunto incluido en el orden del día.

**I - PARTE RESOLUTIVA.**

**Intervenciones.**

**Presidencia**

Moi bo día a todos e a todas e benvidos e benvidas a esta sesión extraordinaria do Pleno que ten como único asunto da orde do día a aprobación inicial do expediente M10/2017 concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e modificación do Anexo de investimentos do Orzamento 2017 .

**Señor Secretario General**

Hai que desculpar a ausencia de D. José Manuel García Pérez e de Dª Pilar Neira Martínez que o teñen manifestado ante Secretaría.

**Presidencia**

Moi ben.

***José Díaz Sánchez,*** *e atópase ademáis presente o* ***interventor xeral don Ángel David Murado Codesal.***

*Xustifican a súa ausencia don José Manuel García Pérez e dona Pilar Neira Martinez*

*Ás once horas e dezaseis minutos, a Presidencia declara iniciada a sesión e pasa a tratar o seguinte asunto incluido na orde do día.*

***I - PARTE RESOLUTIVA.***

***Intervencións***

***Presidencia***

*Moi bo día a todos e a todas e benvidos e benvidas a esta sesión extraordinaria do Pleno que ten como único asunto da orde do día a aprobación inicial do expediente M10/2017 concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e modificación do Anexo de investimentos do Orzamento 2017*

***Señor Secretario Xeral***

*Hai que desculpar a ausencia de D. José Manuel García Pérez e de Dª Pilar Neira Martínez que o teñen manifestado ante Secretaría.*

***Presidencia***

*Moi ben.*

**<u>HACIENDA Y ADMINISTRACIÓN</u>**

**<u>Oficina Presupuestaria</u>**

**201- Aprobación inicial del expediente M10/2017, de concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito y de modificaciones del Anexo de Inversiones del Presupuesto 2017.**

**Asunto**: Aprobacion inicial del expediente M10/2017

**Este asunto ha sido dictaminado por la Comisión de Hacienda y Administración, con los votos a favor de los Grupos Municipales de Marea Atlántica y las abstenciones de los Grupos Municipal del Partido Popular, socialista y del Grupo Mixto (BNG-AA), proponiéndose al Pleno Municipal la adopción de los acuerdos siguientes:**

**<u>Acuerdo</u>**

1. Declarar inversiones financieramente sostenibles a realizar por este Ayuntamiento, de conformidad con lo establecido en la Disposición Adicional 6ª de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, y la Disposición Adicional 16ª del TRLRHL, las siguientes:

***<u>FACENDA E ADMINISTRACIÓN</u>***

***<u>Oficina Orzamentaria</u>***

***201- Aprobación inicial do expediente M10/2017, de concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e de modificacións do Anexo de Investimentos do Orzamento 2017.***

***Asunto: Aprobacion inicial do expediente M10/2017***

***Este asunto foi ditaminado pola Comisión de Facenda e Administración, cos votos a favor dos Grupos Municipais de Marea Atlántica e as abstencións dos Grupos Municipal do Partido Popular, socialista e do Grupo Mixto (BNG-AA), propoñéndose ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:***

***<u>Acordo</u>***

1. *“Declarar investimentos financeiramente sustentables a realizar por este Concello, de conformidade co establecido na disposición adicional 6ª da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e a disposición adicional 16ª do TRLRFL, os seguintes:*

| **FINALIDAD ESPECÍFICA** | **IMPORTE** |
|---|---|
| Proyecto Renovación y rehabilitación de firmes en la Ronda de Outeiro. Tramo II (Avda. Arteixo - Avda. Ferrocarril) | 240.892,49 |
| Proyecto Reurbanización de la calle Casares Quiroga | 526.353,07 |
| Proyecto Renovación del firme en el polígono de los Rosales | 1.151.965,34 |
| Proyecto Mejora del alumbrado del Parque Europa | 186.064,31 |
| Proyecto Mejora de la eficiencia energética en el barrio del Castrillón | 216.735,66 |
| Proyecto Mejora de la eficiencia energética del alumbrado exterior de Monte Alto norte | 224.759,17 |
| Proyecto Modernización del alumbrado público en la Ronda de Nelle. Tramo: Calle Fernando Rey - Avda Finisterre | 235.456,91 |
| Suministro e instalación de luminarias viarias de alta eficiencia en el polígono de A Grela Bens | 250.000,00 |
| Suministro e instalación de sistemas de telegestión y de protección de última generación en centros de mando de alumbrado público | 298.871,26 |
| Proyecto Modernización del alumbrado público de la Ronda de Outeiro. Tramos: entorno glorieta Avda Finisterre, Manuel Murguía - Manuel | 332.737,96 |

| ***FINALIDADE ESPECÍFICA*** | ***IMPORTE*** |
|---|---|
| *Proxecto Renovación e rehabilitación de firmes na Ronda de Outeiro. Tramo II (Avda. Arteixo - Avda. Ferrocarril)* | *240.892,49* |
| *Proxecto Reurbanización da rúa Casares Quiroga* | *526.353,07* |
| *Proxecto Renovación do firme no polígono dos Rosales* | *1.151.965,34* |
| *Proxecto Mellora da iluminación do Parque Europa* | *186.064,31* |
| *Proxecto Mellora da eficiencia enerxética no barrio do Castrillón* | *216.735,66* |
| *Proxecto Mellora da eficiencia enerxética da iluminación exterior de Monte Alto norte* | *224.759,17* |
| *Proxecto Modernización da iluminación pública na Ronda de Nelle. Tramo: Rúa Fernando Rey - Avda Finisterre* | *235.456,91* |
| *Subministración e instalación de luminarias viarias de alta eficiencia no polígono da Grela Bens* | *250.000,00* |
| *Subministración e instalación de sistemas de telexestión e de protección de última xeración en centros de mando de iluminación pública* | *298.871,26* |
| *Proxecto Modernización da iluminación pública da Ronda de Outeiro. Tramos: contorna glorieta Avda Finisterre, Manuel Murguía - Ma-* | *332.737,96* |

| | |
|---|---|
| Deschamps y Avda de Labañou - Avda Gerardo Porto | |
| Proyecto Renovación y ampliación del alumbrado público del barrio de Matogrande | 353.263,99 |
| Proyecto Modernización y mejora de la eficiencia del alumbrado público del ámbito delimitado por el polígono de los Rosales, Ronda de Outeiro, Manuel Murguía y Avenida de Labañou | 1.532.161,40 |
| Proyecto Restauración de carpinterías exteriores de madera del Palacio Municipal | 199.086,30 |
| Proyecto de sustitución de dos electrobombas de aguas fecales en la EBAR de San Roque | 266.771,56 |
| Suministro de equipos separadores magnéticos en la planta de tratamiento de residuos sólidos urbanos de Nostián | 168.720,29 |
| Suministro de equipos separadores de metales no férricos con mesa vibratoria en la planta de tratamiento de residuos sólidos urbanos de Nostián | 410.524,69 |
| Suministro de equipos separador óptico, pinchabotellas y cintas para la recirculación de rodantes en separación óptica en la planta de tratamiento de residuos sólidos urbanos de Nostián | 491.651,09 |
| Suministro de equipos separadores balísticos en la planta de tratamiento de residuos sólidos urbanos de | 779.675,82 |

| | |
|---|---|
| *nuel Deschamps e Avda de Labañou - Avda Gerardo Porto* | |
| *Proxecto Renovación e ampliación da iluminación pública do barrio de Matogrande* | *353.263,99* |
| *Proxecto Modernización e mellora da eficiencia da iluminación pública do ámbito delimitado polo polígono dos Rosales, Ronda de Outeiro, Manuel Murguía e Avenida de Labañou* | *1.532.161,40* |
| *Proxecto Restauración de carpinterías exteriores de madeira do Palacio Municipal* | *199.086,30* |
| *Proxecto de substitución de dúas electrobombas de augas fecais na EBAR de San Roque* | *266.771,56* |
| *Subministración de equipos separadores magnéticos na planta de tratamento de residuos sólidos urbanos de Nostián* | *168.720,29* |
| *Subministración de equipos separadores de metais non férricos con mesa vibratoria na planta de tratamento de residuos sólidos urbanos de Nostián* | *410.524,69* |
| *Subministración de equipos separador óptico, pinchabotellas e cintas para a recirculación de rodantes en separación óptica na planta de tratamento de residuos sólidos urbanos de Nostián* | *491.651,09* |
| *Subministración de equipos separadores balísticos na planta de tratamento de residuos* | *779.675,82* |

| | |
|---|---|
| Nostián | |
| Proyecto de instalación de nuevas bocas de riego, sustitución de algunos elementos y reparación de las existentes en la ciudad | 395.945,70 |
| Suministro e instalación de paneles de tráfico de información variable | 155.000,00 |
| Proyecto Acondicionamiento de los obradores del mercado de Elviña, número de orden 205 del Anexo de Inversiones. Importe total del proyecto: 234.194,71€ | 134.194,71 |
| Obras de reparación de humedades en los aseos de la Torre de Hércules | 14.079,98 |
| Suministro de luminarias para mejora en la iluminación del Iglesario de A Grela | 35.879,02 |
| Adquisición de licencias de software de la herramienta informática de gestión del programa de ayuda a domicilio | 209.330,00 |
| Adquisición de licencias de software | 217.049,80 |

2.- Aprobar inicialmente el expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2017 (M10/2017), mediante concesión de ocho suplementos de crédito por importe de siete millones doscientos treinta y siete mil ochocientos noventa y ocho euros con cuarenta y seis céntimos (7.237.898,46€) y cinco créditos extraordinarios por importe de dos millones trescientos veintiséis mil novecientos diez eu-

| | |
|---|---|
| *sólidos urbanos de Nostián* | |
| *Proxecto de instalación de novas bocas de rega, substitución de algúns elementos e reparación das existentes na cidade* | *395.945,70* |
| *Subministración e instalación de paneis de tráfico de información variable* | *155.000,00* |
| *Proxecto Acondicionamento dos obradoiros do mercado de Elviña, número de orde 205 do Anexo de Investimentos. Importe total do proxecto: 234.194,71€* | *134.194,71* |
| *Obras de reparación de humidades nos aseos da Torre de Hércules* | *14.079,98* |
| *Subministración de luminarias para mellora na iluminación do Iglesario da Grela* | *35.879,02* |
| *Adquisición de licenzas de software da ferramenta informática de xestión do programa de axuda a domicilio* | *209.330,00* |
| *Adquisición de licenzas de software* | *217.049,80* |

*2.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2017 (M10/2017), mediante concesión de oito suplementos de crédito por importe de sete millóns douscentos trinta e sete mil oitocentos noventa e oito euros con corenta e seis céntimos (7.237.898,46€) e cinco créditos extraordinarios por importe de dous millóns trescentos vinte e seis mil novecentos dez euros con sesenta e nove céntimos*

ros con sesenta y nueve céntimos (2.326.910,69€). Todo ello reflejado en el listado denominado "Expediente M10/2017" que se incorpora al expediente.

*(2.326.910,69€). Todo iso reflectido na listaxe denominada "Expediente M10/2017" que se incorpora ao expediente.*

3.- Aprobar inicialmente la distribución de la financiación procedente del remanente líquido de Tesorería para Gastos Generales por importe de nueve millones quinientos sesenta y cuatro mil ochocientos nueve euros con quince céntimos (9.564.809,15€). Todo ello reflejado en el listado "Expediente M10/2017. Financiación".

*3.- Aprobar inicialmente a distribución do financiamento procedente do remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais por importe de nove millóns cincocentos sesenta e catro mil oitocentos nove euros con quince céntimos (9.564.809,15€). Todo iso reflectido no listado "Expediente M10/2017. Financiamento".*

4.- Aprobar inicialmente la modificación del Anexo de Inversiones del Presupuesto de 2017, incorporando las alteraciones que resultan de la modificación de créditos presupuestarios que se realizan en este expediente, detalladas en el listado que se incorpora al mismo titulado "Expediente M10/2017. Modificaciones del Anexo de Inversiones" y la financiación en los casos en los que resulte modificada.

*4.- Aprobar inicialmente a modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento de 2017, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios que se realizan neste expediente, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado "Expediente M10/2017. Modificacións do Anexo de Investimentos" e o financiamento nos casos nos que resulte modificada.*

5.- Codificar los proyectos de Inversión que se aprueban en este expediente atendiendo a lo establecido en el apartado 5 de la disposición adicional decimosexta del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales y a la DA 96 de la Ley 3/2017, de 27 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2017. De forma que en el supuesto de que un proyecto de inversión no pueda ejecutarse ínte-

*5.- Codificar os proxectos de Investimento que se aproban neste expediente atendendo ao establecido no apartado 5 da disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e á DA 96 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017. De forma que no caso de que un proxecto de investimento non poida executarse integra-*

gramente en 2017, la parte restante del gasto autorizado en 2017 se podrá comprometer y reconocer en el ejercicio 2018, financiándose con cargo al remanente de tesorería de 2017 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante.

*mente en 2017, a parte restante do gasto autorizado en 2017 poderase comprometer e recoñecer no exercicio 2018, financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2017 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante.*

6.- Facultar al Excmo. Sr. Alcalde para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.

*6.- Facultar ao Excmo. Sr. Alcalde para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.*

**Intervenciones**

***Intervencións***

**Presidencia**

Moi ben. Acabo de entregar aos grupos unha emenda presentada polo grupo da Marea Atlántica e que poden botarlle un vistazo se queren antes de comezar.

**Incidencia**: se escuchan murmullos y protestas.

Perdón. Si, por eso digo se queren facer un receso para estudar a emenda. Tampouco e moi complicada. Se quitan catro, si si si….. por suposto. Si queren entonces facemos un receso de dez minutos para que os Grupos poidan comentar a emenda.

**Incidencia**: receso de diez minutos.

***Presidencia***

*Moi ben. Acabo de entregar aos grupos unha emenda presentada polo grupo da Marea Atlántica e que poden botarlle un vistazo se queren antes de comezar.*

***Incidencia**:escóitanse murmurios e protestas.*

*Perdón. Si, por eso digo se queren facer un receso para estudar a emenda. Tampouco e moi complicada. Se quitan catro, si si si….. por suposto. Si queren entonces facemos un receso de dez minutos para que os Grupos poidan comentar a emenda.*

***Incidencia**: receso de dez minutos.*

**A las once hora y veintinueve minutos entran los miembros de la Corporación Municipal en el Salón de Sesiones.**

***Ás once horas e vinte e nove minutos entran os membros da Corporación Municipal no Salón de Sesións***

**Presidencia**

Reanudamos a sesión e ten a palabra a concelleira de facenda dona Eugenia Vieito.

**Señora Eugenia Vieito**

Bo día a todos e a todas os presentes aquí hoxe, neste Pleno extraordinario, e tamén os que nos sigen por "streaming".

O pasado trece de novembro a Comisión Informativa de Facenda ditaminou favorablemente o expediente M10/2017 de concesión de créditos extraordinarios, suplemento de crédito e modificación do Anexo de investimentos do Orzamento de 2017, que tiña como finalidade adicar nove millóns correspondentes ó remanente líquido de tesouraría 2016 a un plan de investimentos para a mellora do espazo público e servizos básicos da cidade considerados financieiramente sostibles, así como tamén a amortización de débeda por importe de medio millón de euros.

Tras as conversas mantidas con diversos Grupos municipais, consideramos aconsellable para viabilizar a aprobación deste plan de investimentos, eliminar certos investimentos contidos neste expediente, relativos á planta de Nostián e a adquisición de licenzas de "*software*", destinando o importe previsto para estes cinco investimentos, 2.067.621 euros, a incrementar o

***Presidencia***

*Renovamos a sesión e ten a palabra a concelleira de facenda dona Eugenia Vieito.*

***Señora Eugenia Vieito***

*Bo día a todos e a todas os presentes aquí hoxe, neste Pleno extraordinario, e tamén os que nos sigen por "streaming".*

*O pasado trece de novembro a Comisión Informativa de Facenda ditaminou favorablemente o expediente M10/2017 de concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e modificación do Anexo de investimentos do Orzamento de 2017, que tiña como finalidade adicar nove millóns correspondentes ó remanente líquido de tesouraría 2016 a un plan de investimentos para a mellora do espazo público e servizos básicos da cidade considerados financieiramente sustentables, así como tamén a amortización de débeda por importe de medio millón de euros.*

*Tras as conversas mantidas con diversos Grupos municipais, consideramos aconsellable para viabilizar a aprobación deste plan de investimentos, eliminar certos investimentos contidos neste expediente, relativos á planta de Nostián e a adquisición de licenzas de "software", destinando o importe previsto para estes cinco investimentos, 2.067.621 euros, a*

suplemento inicialmente previsto para amortizar anticipadamente débeda, que pasaría a ser de importe de 2.605.260 euros

*incrementar o suplemento inicialmente previsto para amortizar anticipadamente débeda, que pasaría a ser de importe de 2.605.260 euros*

Como consecuencia desta emenda propoñemos, polo tanto, un plan de investimentos por importe de 6,9 millóns que abarca as seguintes actuacións: por uha parte, obras en infraestruturas que contribuirán a unha mellora importante do espazo publico na cidade por importe de 2,1 millóns e que abarcan ademáis diferentes actuacións de reurbanización e renovación de firmes, en concreto a reurbanización na rúa Casares Quiroga por importe de 526.353 euros.

*Como consecuencia desta emenda propoñemos, polo tanto, un plan de investimentos por importe de 6,9 millóns que abarca as seguintes actuacións: por unha parte, obras en infraestruturas que contribuirán a unha mellora importante do espazo publico na cidade por importe de 2,1 millóns e que abarcan ademáis diferentes actuacións de reurbanización e renovación de firmes, en concreto a reurbanización na rúa Casares Quiroga por importe de 526.353 euros.*

A renovación tamén e rehabilitación de firmes na ronda de Outeiro, en concreto no tramo entre avenida de Arteixo á do Ferrocaril, por importe de 240.892 euros, así como a renovación de firme da práctica totalidade das rúas do polígono dos Rosais por importe de 1.151.965 euros.

*A renovación tamén e rehabilitación de firmes na ronda de Outeiro, en concreto no tramo entre avenida de Arteixo a a do Ferrocaril, por importe de 240.892 euros, así como a renovación de firme da práctica totalidade das rúas do polígono dos Rosais por importe de 1.151.965 euros.*

Inclúese tamén unha partida destinada a traballos de restauración das carpinterías exteriores do Pazo Municipal de María Pita por importe de 199.000 euros, o que contribuirá a reducir o consumo principalmente de enerxía eléctrica en calefacción durante o ano.

*Inclúese tamén unha partida destinada a traballos de restauración das carpinterías exteriores do Pazo Municipal de María Pita por importe de 199.000 euros, o que contribuirá a reducir o consumo principalmente de enerxía eléctrica en calefacción durante o ano.*

Inclúense, igualmente partidas des-

*Inclúense igualmente partidas*

tinadas a mellora da eficiencia enerxética por importe de 3,6 millóns, o que pode supoñer un aforro anual duns 113.000 euros en consumo enerxético.

*destinadas a mellora da eficiencia enerxética por importe de 3,6 millóns, o que pode supoñer un aforro anual duns 113.000 euros en consumo enerxético*

Pero sobre todo a finalidade é contribuir a unha mellora da calidade de vida nas rúas onde se van a realizar estas actuacións, que son principalmente de mellora da calidade e control lumínico, así como melloras na rede de alumeado, tanto no parque de Europa como no barrio de Castrillón, en Montealto, na ronda do Outeiro, na glorieta avenida de Finisterre-Manuel Murguia, avenida de Labañou, ronda de Nelle, polígono da Grela, incluindo neste caso tamén mellora da iluminación no viveiro de empresas, a totalidade do polígono dos Rosais e Matogrande.

*Pero sobre todo, a finalidade é contribuir a unha mellora da calidade de vida nas rúas onde se van a realizar estas actuacións, que son principalmente de mellora da calidade e control lumínico, así como melloras na rede de alumeado, tanto no parque de Europa como no barrio de Castrillón, en Montealto, na ronda do Outeiro, na glorieta avenida de Finisterre-Manuel Murguía, avenida de Labañou, ronda de Nelle, polígono da Grela, incluindo neste caso tamén mellora da iluminación no viveiro de empresas, a totalidade do polígono dos Rosais e Matogrande.*

Inclúe tamén este plan de investimentos, actuacións en materia medioambiental consistentes na adquisición de novas bocas de rego e reparación das existentes por importe de 395.945 euros, así como a substitución tamén de duas electrobombas na EDAR de San Roque por unha cuantía de 266.781 euros. Con estas actuacións conseguirase unha mellora de eficiencia do seu funcionamento, ademais dunha diminución do seu consumo enerxético, que contribuirá tamén a mellorar a limpeza viaria co uso de auga, e o mantemento dos xardíns públicos.

*Inclúe tamén este plan de investimentos, actuacións en materia medioambiental consistentes na adquisición de novas bocas de rego e reparación das existentes por importe de 395.945 euros, así como a substitución tamén de duas electrobombas na EDAR de San Roque por unha contía de 266.781 euros. Con estas actuacións conseguirase unha mellora de eficiencia do seu funcionamento, ademais dunha diminución do seu consumo enerxético, que contribuirá tamén a mellorar a limpeza viaria, co uso de auga, e o mantemento dos xardíns públicos.*

Contén tamén este plan de investimentos unha partida para adquirir licenzas que teñen como finalidade mellorar a xestión do servizo de asistencia a domicilio, o que permitirá reducir os tempos de tramitación destas axudas facilitando, polo tanto, e axilizando a percepción das mesmas.

Por outra parte, e en canto a área de mobilidade, prevese tamén o suministro e instalación de paneis de tráfico de información variable por importe de 155.000 euros, de forma que se poidan xestionar de forma centralizada desde a sala de pantallas da Policía Local, cousa que non sucedía ata o momento, xa que as pantallas existentes non permitían esta función.

En canto a mercados e turismo, con respecto a estas áreas, inclúese unha partida de 134.194 euros para o acondicionamento dos obradores do mercado de Elviña. Esta actuación permitirá dispoñer dun obradoiro ou taller no propio mercado, onde elaborar os productos que se destinan á venda nos distintos postos.

Engádese tamén, relacionado cá área de turismo, unha partida de 14.079 euros para a reparación de humidades nos aseos da Torre de Hércules, dentro dos traballos de mantemento continuo que se precisan no monumento.

Todos estes investimentos cumpren

*Contén tamén este plan de investimentos unha partida para adquirir licenzas que teñen como finalidade mellorar a xestión do servizo de asistencia a domicilio, o que permitirá reducir os tempos de tramitación destas axudas facilitando, polo tanto, e axilizando a percepción das mesmas.*

*Por outra parte, e en canto a área de mobilidade, prevese tamén o suministro e instalación de paneis de tráfico de información variable por importe de 155.000 euros, de forma que se poidan xestionar de forma centralizada desde a sala de pantallas da Policía Local, cousa que non sucedía ata o momento, xa que as pantallas existentes non permitían esta función.*

*En canto a mercados e turismo, con respecto a estas áreas, inclúese unha partida de 134.194 euros para o acondicionamento dos obradores do mercado de Elviña. Esta actuación permitirá dispoñer dun obradoiro ou taller no propio mercado, onde elaborar os productos que se destinan á venda nos distintos postos.*

*Engádese tamén, relacionado cá área de turismo, unha partida de 14.079 euros para a reparación de humidades nos aseos da Torre de Hércules, dentro dos traballos de mantemento continuo que se precisan no monumento.*

*Todos estes investimentos cum-*

coa normativa estatal para ser considerados investimentos financeiramente sustentables, e ademais teñen que autorizarse dentro deste exercicio, pero poden executarse ó longo do 2018, co que se conseguiría desta maneira aumentar así os recursos totais destinados a investimentos nos orzamentos do ano que ven.

É polo tanto unha oportunidade, cumprindo todos os requisitos que esixe a Lei de estabilidade, de incrementar os investimentos nesta cidade e mellorar os servizos e a calidade do espazo público.

Nada máis. Grazas.

**<u>Presidencia</u>**

Moi ben, moitas grazas. Ten a palabra dona Avia Veira

**<u>Señora Avia Veira</u>**

Ben. Pois, en primeiro lugar, quixera saudar ás compañeiras e compañeiros da Corporación, ó funcionariado que nos acompaña, persoal dos medios de comunicación e á xente que segue esta sesión.

En primeiro lugar, salientar que nos gustaría, evidentemente, poder ter visto esta emenda previamente. En todo caso cremos, que a emenda que se nos presenta vai encamiñada a facilitar os máximos votos posibeis destes investimentos financeiramente sustentables que se traen a

*pren coa normativa estatal para ser considerados investimentos financeiramente sustentables, e ademais teñen que autorizarse dentro deste exercicio, pero poden executarse ó longo do 2018, co que se conseguiría desta maneira aumentar así os recursos totais destinados a investimentos nos Orzamentos do ano que ven.*

*É polo tanto unha oportunidade, cumprindo todos os requisitos que esixe a Lei de estabilidade, de incrementar os investimentos nesta cidade e mellorar os servizos e a calidade do espazo público.*

*Nada máis. Grazas.*

***<u>Presidencia</u>***

*Moi ben, moitas grazas. Ten a palabra dona Avia Veira*

***<u>Señora Avia Veira</u>***

*Ben. Pois, en primeiro lugar, quixera saudar ás compañeiras e compañeiros da Corporación, ó funcionariado que nos acompaña, persoal dos medios de comunicación e á xente que segue esta sesión.*

*En primeiro lugar, salientar que nos gustaría, evidentemente, poder ter visto esta emenda previamente. En todo caso cremos que a emenda que se nos presenta vai encamiñada a facilitar os máximos votos posibeis destes investimentos financeiramente susten-*

Pleno.

Este informe-proposta, esta proposta do Goberno municipal, en varias liñas, entendemos que para poder facilitar o voto do Partido Socialista según o que ten indicado este Grupo publicamente, pois aumentando o gasto en débeda que era o que pedían e eliminando o gasto en software.

Por certo, que na Comisión de Facenda a que facía referencia a señora Vieito, o Partido Socialista só fixo referncia a que formulaba as súas dúbidas en canto a que, pois dentro destes investimentos financieiramente sustentables poidesen contemplarse o gasto en software. Nada se falou nesa Comisión de Facenda, no que se refire a gasto en débeda.

En todo caso, tamén entendo que esta emenda persegue pois, eliminar os gastos na planta de Nostián, que era o que digamos, para o BNG era o máis incomodo desta proposta do Goberno municipal. É incómodo porque nós entendemos que esos gastos os ten que realizar a concesionaria. Por moito que se contemplase por parte da Concellería de Medio Ambiente, do Goberno municipal, unha revisión coa concesionaria, un acordo coa concesionaria de revisión en materia económica incluindo estas cuestións, nós entendemos que a orde é precisamente a contraria a que se pretendía. É dicir, primeiro haberá que revisar coa concesionaria e chegar a un

*tables que se traen a Pleno.*

*Este informe-proposta, esta proposta do Goberno municipal, en varias liñas, entendemos que para poder facilitar o voto do Partido Socialista según o que ten indicado este Grupo publicamente, pois aumentando o gasto en débeda que era o que pedían e eliminando o gasto en software.*

*Por certo, que na Comisión de Facenda a que facía referencia a señora Vieito, o Partido Socialista só fixo referencia a que formulaba as súas dúbidas en canto a que, pois dentro destes investimentos financeiramente sustentables poidese contemplarse o gasto en software. Nada se falou nesa Comisión de Facenda, no que se refire a gasto en débeda.*

*En todo caso, tamén entendo que esta emenda persegue eliminar os gastos na planta de Nostián, que era o que digamos, para o BNG era o máis incomodo desta proposta do Goberno municipal. É incómodo porque nós entendemos que esos gastos tenos que realizar a concesionaria. Por moito que se contemplase por parte da Concellería de Medio Ambiente, do Goberno municipal, unha revisión coa concesionaria, un acordo coa concesionaria de revisión en materia económica incluindo estas cuestións, nós entendemos que a orde é precisamente a contraria a que se pretendía. É dicir, primeiro haberá que revisar coa*

acordo coa concesionaria en todo caso.

En base a ese acordo que o Concello poida realizar estes gastos, que evidentemente serán importantes, pero insisto en que aí hai unha concesionaría que efectivamente ten unhas obrigas de manter o servizo e de cumprir pois co que establecían os pregos da concesión.

Esto en canto a emenda.

Evidentemente, se as nosas únicas reservas eran respecto a Nostián e eliminan os gastos en Nostián, nós temos pensado votar a favor se evidentemente prospera a emenda.

Hoxe é o día mundial da filosofía. Non sei se o saben as concelleiras e concelleiros e as persoas que nos seguen. Se algo nos achega a filosofía é a necesaria crítica, o necesaria que é a crítica e o precisa que é para avanzar.Por moito que se teña traído esta emenda, o Goberno municipal pola miña banda non se vai librar da crítica. Por moito que efectivamente, como digo, vote a favor da proposta da emenda. Digo que non se vai librar da crítica porque nestes investimentos financieiramente sustentables, recóllense actuacións que xa se prometeron hai cando menos dous anos.

Falo de cuestións moi puntuais ou

*concesionaria e chegar a un acordo coa concesionaria en todo caso.*

*En base a ese acordo que o Concello poida realizar estes gastos, que evidentemente serán importantes, pero insisto en que aí hai unha concesionaría que efectivamente ten unhas obrigas de manter o servizo e de cumprir co que establecían os pregos da concesión.*

*Esto en canto a emenda.*

*Evidentemente, se as nosas únicas reservas eran respecto a Nostián e eliminan os gastos en Nostián, nós temos pensado votar a favor se evidentemente prospera a emenda.*

*Hoxe é o día mundial da filosofía. Non sei se o saben as concelleiras e concelleiros e as persoas que nos seguen. Se algo nos achega a filosofía é a necesaria crítica, o necesaria que é a crítica e o precisa que é para avanzar. Por moito que se teña traído esta emenda, o Goberno municipal pola miña banda non se vai librar da crítica. Por moito que efectivamente, como digo, vote a favor da proposta da emenda. Digo que non se vai librar da crítica porque nestes investimentos financieiramente sustentables recóllense actuacións que xa se prometeron hai cando menos dous anos.*

*Falo de cuestións moi puntuais ou*

moi básicas que aparecen na proposta, falo da mellora da eficiencia enerxética, do alumeado do parque Europa, da mellora no tramo dous da ronda de Outeiro.

Hai cuestións, eu non sei se recorda o concelleiro de Rexeneración Urbana e o Goberno municipal, se recordan este mapa, se recordan as 57 actuacións que anunciaron que estarían feitas en 2016. Non están feitas. É obvio que non están feitas. É obvio tamén, que nós no seu día fixemos unha revisión desas actuacións.

Esas actuacións, no seu día dixemos que efectivamente, que non estaban feitas. A proba é que ainda as estamos incluíndo nunha proposta de gasto para realizar durante o ano 2018. Dous anos de retraso neses investimentos. Investimentos que son necesarios para mellorar os barrios. Investimentos cos que nós estamos absolutamente de acordo.

Agora, eu creo que hai que ser críticos, hai que ser autocríticos e hai que mellorar evidentemente neste tipo de cuestións.

Os barrios están moi necesitados de investimento público. O barrio dos Rosales, por poñer un exemplo, é un barrio que está absolutamente abandonado, que ten o mesmo firme desde hai 20 anos, desde que se inaugurou ese polígono. Nos de feito, en xullo deste ano introducimos unha serie de iniciativas preci-

*moi básicas que aparecen na proposta; falo da mellora da eficiencia enerxética, do alumeado do parque Europa, da mellora no tramo dous da ronda de Outeiro.*

*Hai cuestións, eu non sei se recorda o concelleiro de Rexeneración Urbana e o Goberno municipal, se recordan este mapa, se recordan as 57 actuacións que anunciaron que estarían feitas en 2016. Non están feitas. É obvio que non están feitas. É obvio tamén, que nós no seu día fixemos unha revisión desas actuacións.*

*Esas actuacións, no seu día dixemos que efectivamente, que non estaban feitas. A proba é que ainda as estamos incluíndo nunha proposta de gasto para realizar durante o ano 2018. Dous anos de retraso neses investimentos. Investimentos que son necesarios para mellorar os barrios. Investimentos cos que nós estamos absolutamente de acordo.*

*Agora, eu creo que hai que ser críticos, hai que ser autocríticos e hai que mellorar evidentemente neste tipo de cuestións.*

*Os barrios están moi necesitados de investimento público. O barrio dos Rosales, por poñer un exemplo, é un barrio que está absolutamente abandonado, que ten o mesmo firme desde hai 20 anos, desde que se inaugurou ese polígono. Nos, de feito, en xullo deste ano introducimos unha serie de*

samente para mellorar ese firme, para mellorar tamén as beirarrúas, que é moi preciso invertir nese barrio, pero en todos os barrios da cidade. O que non pode ser é que os investimentos en barrios estén absolutamente paralizados.

Estas que comentei por exemplo, das 57 actuacións, xa levan dous anos pendentes e ainda se van executar durante 2018. Esperemos que se fagan, desde logo, canto antes porque xa digo, a cidade o precisa, os barrios o precisan, a cidadanía o precisa e precisa que sexan canto antes.

